

BASES DO SORTEO APERTURA NOVA TENDA ARAÑEIRA

1.- ARAPE S.C., de nome comercial ARAÑEIRA (en diante Arañeira), organiza un sorteo dun kit de produto por apertura da nova tenda en Rúa Ferreiros, 1. 15900 Padrón (A Coruña).

2.- O kit de produto a sortear consiste nunha tablet de 7" modelo Viewpad 7, con funda, tarxeta microSD 16GB, auriculares e punteiro. En ningún caso darase o premio en metálico.

3.- Por compras superiores a 50€ , do 20 de Xullo de 2012 ao 31 de Agosto de 2012, Arañeira entregará unha rifa que o cliente cubrirá cos seus datos de contacto e depositará na tenda de Arañeira nun colector habilitado para tal fin. Para que a rifa sexa válida deberá estar cuberta obrigatoriamente cos datos seguintes: Nome, dous apelidos e nº de teléfono.

4.- O sorteo celebrarase o día 4 de setembro de 2012 as 17:00h no local de Arañeira, sito en Rúa Ferreiros nº 1. Procederase a extracción dunha rifa do colector, comprobarase que os datos estean ben cubertos e esa será a rifa gañadora. En caso de erro nos datos procederase a extracción de rifas até que os datos sexan correctos.

5.- A mera participación no sorteo supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á Arañeira para o uso dos datos facilitados polo propio participante para contactar con él en caso de ser premiado e para publicitar o resultado do sorteo na cartelería da tenda e na páxina Web www.araneira.es. Esta autorización faise extensiva á imaxe dos gañadores para os efectos de publicidade do resultado do sorteo. O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación no sorteo.

6.- Aos efectos do establecido na LOPD, ARAPE S.C. comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante a remisión dunha solicitude escrita e firmada, a seguinte dirección: Rúa Ferreiros, 1. 15900 Padrón (A Coruña). A solicitude deberá conter o seu nome e apelidos, fotocopia do DNI e o contido da petición que desexe realizar. Se vostede é un representante legal deberá acreditar dita condición e presentar copia do seu DNI e do DNI do seu representado.

7.- As presentes bases están a disposición do público no establecemento de Arañeira, así como na páxina web www.araneira.es.